



XL MEMORIAL GREGORIO PÉREZ RIVERA

19 de maio de 2018

A Federación Galega de Atletismo a través da súa Delegación en Lugo, organiza co patrocinio do Excelentísimo Concello de a **40ª edición do MEMORIAL GREGORIO PÉREZ RIVERA**, o **sábado 19 de maio de 2018**, en xornada de mañá e tarde, no *Estadio Gregorio Pérez Rivera*.

REGULAMENTO

Art. 1. Poderán participar todos os atletas federados que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2017/18) por algún Club pertencente a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertezcan a clubs de outras Comunidades Autónomas.
- Atletas de categoría **sub 16 ata veteranás**.
- O resto de atletas con ficha por outra Federación e noutros clubs non pertencentes a Federación Galega de Atletismo deberán aboar 10€ coa recollida do dorsal.
- **Todos os atletas que se inscriban, non participen finalmente e non manden a súa renuncia ata 24h antes do comezo da 1ª proba do programa. Serán sancionados cunha multa de 5€ que deberá ser aboada para poder tomar parte en calqueira control ou proba oficial organizada nesta Delegación de Lugo.**

Art. 2. As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata **as 22:00 horas do mércores anterior** á celebración das probas. **As inscricións realizadas fora de prazo, cobrarase 5 € coa entrega do dorsal.**

Art. 3. Cada atleta retirará o seu dorsal na secretaría da competición **ata 60 minutos antes da saída de cada proba**. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art. 4. Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible, en toda a superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación.

Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art. 5. O **acceso á pista** será **restrinxido**, existindo cámara de chamadas. Os adestradores que queiran acceder, deberán enviar un **email** a delegacionfgalugo@gmail.com ata o martes 15 para recibir acreditación para o acceso as zonas habilitadas para eles.

Art. 6. **Nas probas de velocidade indícarase a mellor marca**. As series realizaránse agrupando os atletas por marcas, aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

Art. 7 FINALES 100 M.L. Clasificaránse para a final as 16 mellores marcas das series previas.



Art. 8. HORARIO PROVISIONAL

HOMES	HORA	MULLERES
HORARIO MAÑÁ		
LANZAMENTO MARTELO (sub 16 - veterán)	11:15	LANZAMENTO PESO (sub 16 - veterán)
SALTO LONXITUDE (sub 16 - veterán)		
	12:00	400 mv
	12:15	300 mv - (sub16)
300 mv - (sub 16)	12:30	
400 mv (sub 18 - veterán)	12:45	SALTO LONXITUDE (sub 16 - veterán)
LANZAMENTO PESO (sub 16 - veterán)		LANZAMENTO XAVALINA (sub 16 - veterán)
	13:00	2000m OBSTÁCULOS
2000m OBSTÁCULOS	13:15	
	13:30	200 ml (sub 18 - veterán)
200 ml (sub 18 - veterán)	13:45	
HORARIO TARDE		
TRIPLE SALTO (sub 16 - veterán)	17:30	TRIPLE SALTO (sub 16 - veterán)
LANZAMENTO XAVALINA (sub 16 - veterán)		SALTO ALTURA (sub 16 - veterán)
		100 mv (0.76)
	17:45	100 mv (0.84)
100 mv - (0.91)	18:00	
110 mv - (0.91)	18:10	
110 mv - (0.99)	18:20	
110 mv - (1.06)		
Minuto de silencio e entrega agasallo familia Gregorio Pérez Rivera		
	18:35	100 ml - semifinais (sub 16 - veterán)
100 ml - semifinais (sub 16 - veterán)	18:55	
SALTO ALTURA (sub 16 - veterán)	19:00	LANZAMENTO MARTELO (sub 16 - veterán)
SALTO LONXITUDE ÉLITE		SALTO LONXITUDE ÉLITE
	19:25	1000 ml (sub 16 - veterán)
1000 ml (sub 16 - veterán)	19:35	
	19:50	800 ml (sub 18 - veterán)
1500 ml (sub 18 - veterán)	20:00	
	20:15	100 ml FINAL B-A
100ml FINAL B-A	20:20	

Art 9. En todos os concursos agás no salto de Lonxitude elite os atletas terán 3 intentos + mellora para as mellores 8 marcas.



Art 10. Na proba de salto de lonxitude admitiránse ata un máximo de 18 atletas, segundo a marca de inscrición.

Art 11. Na proba mixta de salto de lonxitude élite admitiránse as 6 mellores marcas femininas e 6 masculinas, tendo todos 4 intentos + 2 para as 4 mellores marcas masculinas e femininas.

Art. 12. Nos concursos haberá as seguintes **mínimas**:

salto altura:	1.50m homes e 1.35 mulleres.
triple salto:	10m en homes e 9m en mulleres.
lanzamento de peso:	10m en homes e 9m en mulleres.
lanzamento de martelo:	35m en homes e 30m en mulleres.
lanzamento de xavalina:	35m en homes e 30m en mulleres.

Art. 13. Na proba de triple salto haberá 3 táboas. (8-9-11m)

Art. 14. A recepción de artefactos para a súa homologación pecharase 70' antes da celebración da proba.

Art. 15. **O/A vencedor/a tanto na categoría masculina coma feminina de cada proba recibirá un trofeo conmemorativo.** (A proba de 100/110v consideráse unha soa proba independentemente da altura dos valos). A **ceremonia de premiación** levaráse a cabo dende as **13.20h** as das probas da xornada matinal e a partir das **18.30** as das probas da xornada vespertina.

Art. 16. Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo coas normas da I.A.A.F

En Lugo, a 30 de abril de 2018

Asdo. José Manuel Peña Rodríguez

Director Técnico da Delegación da FGA en Lugo

PATROCINA:

Concello de Lugo